

# ACTA

## Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Data: 29 de outubro de 2020  
Hora: 12:30h (2ª convocatoria)  
Lugar: MS TEAMS

### Asistentes

Julia González Álvarez  
Óscar Rodríguez Figueiras  
Francisco Fernández Rivera  
Felipe Gago Couso  
Francisco Omil Prieto  
Anuska Mosquera Corral  
David Losada Carril  
Tomás Fernández Pena  
Juan Carlos Pichel Campos

Xustifican a súa ausencia: Pedro Saco López

### 1. Aprobación, se procede, de actas das reunións anteriores.

A Directora informa que hai 5 actas pendentes de aprobación, polas reunións extraordinarias de 17 e 23 de xaneiro, 30 de marzo, 20 e 30 de abril de 2020. Non habendo comentarios das actas presentadas, apróbanse por asentimento-

### 2. Aprobación de modificacións nos horarios de grao para o curso 2020-21.

O Secretario presenta os cambios feitos nos horarios dos Graos:

Grao en Enxeñaría Química:

foron cambiados os seminarios de Informática

No 1º curso cambiáronse os horarios de Informática. Trocouse o grupo 3 (creado polo elevado número de alumnos) dos xoves (de 14 a 15h, pasa a 13 a 14h) de xeito que o grupo 1 (de 13 a 14h, pasa ao horario de 14 a 15h e á aula A2).

De xeito similar, re-estructuráronse os horarios dos seminarios de Fundamentos de Procesos Químicos e Química Fundamental os venres. Fican os seminarios de Fundamentos de Procesos Químicos seguidos de 11 a 12 e de 12 a 13h, e despois os seminarios de Química Fundamental de 13 a 14 e de 14 a 15h (o grupo de inglés, na aula A2).

Isto permitiu separar os cursos 1º e 2º do Grao en Enxeñaría Química na Aula A1, que fica así libre de 14 a 15h tanto xoves coma venres. Ademais, pediuse á Área de Infraestructuras que dilixenciase a limpeza da aula A1 no horario de 14 a 15h os luns, martes, xoves e venres, os días en que hai clases do Grao, e que xa comenzaron esta semana.

No 4º curso, as prácticas de informática da materia Procesos de Química Industrial (os luns) movéronse para a aula I3. Son só 8 alumnos, e as clases eran na I1, que fica liberada.

No Grao en Enxeñaría Informática fixéronse unha serie de cambios para eliminar a rotación en dúas materias de 4º curso: Enxeñaría do Coñecemento, e Compiladores e Intérpretes.

Para eliminar a rotación en Enx. Coñecemento:

- 1) Enx. Coñecemento (grupo 2, luns) pasa a impartirse na I1 (intercambio de aula con Procesos de Química Industrial-GrEQ)
- 2) Coñecemento e Razoamento Automático (grupo 1, mércores) pasa a impartirse na I4.
- 3) Enx. Coñecemento (grupo 3, mércores) pasa a impartirse na I8 (intercambio de aula co anterior).
- 3) Almacéns e Minería de Datos (grupo único) retrasa media hora o seu horario, pasando agora a impartirse os luns de 12 a 14.30h.

Para eliminar a rotación en Compiladores e Intérpretes:

- 1) Coñecemento e Razoamento Automático (grupo 2 xoves), pasa a impartirse na aula I4.
- 2) Compiladores, grupo 3 (xoves), pasa a impartirse na aula I8.
- 3) Interacción Persoa-Ordenador (3º curso), grupo 3 sesión a (mércores), pasa a impartirse na aula I4.
- 4) Compiladores, grupo 2 (mércores), pasa a impartirse na aula I6.

Esta lista de cambios permitiu eliminar as rotacións en dúas materias de 4º, Enxeñaría do Coñecemento e Compiladores e Intérpretes, e que era moi demandado polos alumnos.

Apróbase por asentimento.

### **3. Aprobación de data de exames para materias en extinción do Grao en Enxeñaría Informática**

A materia G4011341 Administración Avanzada de Sistemas e Redes, é unha optativa a extinguir. A esas optativas en extinción non se lles definiron datas de exames no calendario aprobado. Como esta materia ten un alumno matriculado, hai que definir datas de exames. Foron propostas e aceptadas polo profesor da materia, Juan Carlos Vidal Aguiar, as seguintes datas: Extraordinaria-Fin de carreira: 26/01 (tarde); 2º Cuatrimestre: 2/06 (tarde); 2ª Oportunidade: 1/07 (tarde).

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación da proposta de actividade con recoñecemento de créditos para o Grao en Enxeñaría Química.**

Desde a posta en marcha do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos, o Departamento de Enxeñaría Química ofertou para os alumnos do Grao unha materia de Aula Profesional denominada “Proxecto Básico de Enxeñaría Química” que tiña como obxectivo que estes alumnos elaborasen un proxecto dirixidos por alumnos da materia “Dirección de Proxectos de Enxeñaría” do Máster.

A necesidade de formalizar o número de horas de traballo do alumnado, levou a que no curso 2019-2020 a materia se ofertase como actividade de créditos recoñecibles (4 ECTS), cun total de 34 alumnos matriculados. No entanto, detectouse a necesidade de incluír novos coñecementos básicos no desenvolvemento dun proxecto enxeñeril, e nos que o alumnado presentaba debilidades, que fixo necesaria a adaptación do programa polo que se solicita un pequeno incremento no recoñecemento, que pasaría a 4,5 créditos ECTS para esta actividade no curso 20/21. O cambio proposto obtivo o apoio do Consello de Departamento de Enxeñaría Química na reunión extraordinaria do 16 de

outubro de 2020, que indicou que desta forma tería un recoñecemento de créditos análogo ao das materias optativas do título de Grao, o que facilitaría que o alumnado a poida cursar.

Apróbase a proposta da actividade por asentimento.

#### **5. Aprobación das modificacións no Regulamento de TFG do Grao en Enxeñaría Química, logo do informe da Asesoría Xurídica.**

A Directora presenta os cambios feitos no Regulamento, e que foi enviado previamente aos membros da Comisión. Destácanse os cambios xa aprobados na Xunta de Escola anterior (en amarelo) e os novos cambios introducidos logo do informe da Asesoría Xurídica (en verde). Todos os cambios comentados serán aprobados en Consello de Goberno de despois o regulamento será publicado online.

Apróbanse os novos cambios por asentimento.

#### **6. Nomeamento de Coordinadora de Prácticas do Grao en Enxeñaría Química.**

Con data 15/10/2020 o ata agora coordinador de prácticas en empresa do Grao en Enxeñaría Química, o Prof. Ramón Moreira Martínez, comunicou á Dirección que finalizado o curso 2019-20 non desexa continuar coa xestión das prácticas en empresa. A Dirección acepta a súa renuncia e quere manifestar o seu agradecemento polo traballo feito durante os últimos 6 cursos académicos.

Propónse como nova Coordinadora de Prácticas á profesora Almudena Hospido Quintana.

Apróbase o nombramento por asentimento.

#### **6. Quenda aberta.**

Coméntase o cribado feito na USC, o éxito en participación e os bos resultados, con baixa incidencia.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a sesión ás 13:15 h.